

# Debate e Pensamento

Publicación do Club de Letras do IES Lucus Augusti | Curso 19-20



A ilustradora Micaela Campanini comparte no IES Lucus Augusti a súa exposición “Mujeres que” e contribúe con gran éxito a remexer as nosas consciencias. Faltan mulleres nos libros de Historia, de Filosofía... Páx. 1



Falamos con Juan Sosa, defensor dos Dereitos Humanos, actualmente con asilo político en España. Páx. 14

## Conversas con....

Carlos Taibo: *“Debemos desurbanizar e ruralizar as nosas sociedades”*

Cristina Fallarás: *“Fixéronnos desaparecer desde Safo ata onte”*

Inma López Silva: *“Rosalía deuse conta de que había un problema coa situación das mulleres. Foi unha pioneira”*

Chis Oliveira e Amada Traba: *“Temos asumido que os celos e o control son amor e non o son”*

## Pensamentos...

Xente nun mundo de patronos | *Teresa López*

Decreemento económico:

alternativa ou solución? | *Ana Sánchez*

Tu activismo es misoginia | *Ana María Díaz*

Sé sincero... o no | *Carlos Álvarez*

25-N | *Noa Palmeiro e Noelia Rego*

*Ademais...* Towanda Rebels, Marta Engroba e

Sandra Piñeiro, presentacións de libros, charlas...

---

Contra o esquecemento... a memoria.....	1
Xente nun mundo de patronos.....	2
Decreemento económico: alternativa ou solución?.....	5
Sé sincero... o no.....	8
Tu activismo es misoxinia.....	10
25-N.....	13
No mundo non hai lugar para os refuxiados.....	14
Carlos Taibo: “Debemos desurbanizar e reruralizar as nosas sociedades” .....	19
Cristina Fallarás: “Fixéronnos desaparecer desde Safo ata onte” .....	22
Inma López Silva: “Rosalía deuse conta de que había un problema coa situación das mulleres. Foi unha pioneira” .....	25
Chis Oliveira e Amada Traba: “Temos asumido que os celos e o control son amor e non o son” .....	27
A rebelión das Towanda Rebels.....	30
Máis cousiñas.....	31

---

## Contra o esquecemento...

### a memoria

Xoguemos a pensar. Pensemos nunha persoa que durante o século IV viaxou desde a Gallaecia da época ata diferentes Lugares Santos nos actuais Exipto, Siria, Palestina ou Turquía. Agora pesemos nunha personaxe coruñesa que como corresponsal cubriu as dúas guerras mundiais, a revolución rusa chegando a entrevistar a Trotski, o sufraxismo británico ou a Guerra Civil española. Agora trasladémonos a Málaga, lugar de orixe dunha das mentes pensantes máis importantes na Filosofía do século XX e que durante o exilio obrigado a piques de rematar a Guerra Civil compartiu mesa con Albert Camus, Malraux, Sartre ou Simone de Beauvoir. Pensemos agora na persoa que deu paso á endocrinoloxía moderna cos seus descubrimentos ou á persoa que fundou o primeiro grupo de investigación de xenética molecular en España. Agora xoguemos a pintar a estas personaxes. Teñen barba? Levan corbata ou paxarela? Como é o seu sombreiro?

Hai algo que teñen todas estas persoas en común... todas levan bigote? Todas son españolas?

Pois non, todas elas son mulleres. Mica chegou ao IES con estas preguntas e animou ao alumnado a debullar como imaxinaban estas

persoas. A maior parte dos retratos eran masculinos.



E os poucos femininos non se achegaban á realidade de mulleres como Exeria, Sofía Casanova, María Zambrano, Gabriela Morreale ou Margarita Salas. A razón: nos as coñecíamos.

Ante o asombro dos asistentes Mica aproveitou para preguntar por nomes de persoas dedicadas á pintura, á filosofía, á literatura. E a pesar de que as preguntas xa viñan orientadas pola actividade anterior, a maior parte dos nomes correspondían con homes.

Froito desta toma de conciencia coas mulleres silenciadas ao longo da Historia e coa falta de referencias femininas (que as hai e moitas) Mica emprendeu un proxecto fermosísimo consistente en retratar a mulleres pioneiras no campo que sexa. E de aí xurdiu o seu proxecto *Mujeres que* e a súa primeira exposición con retratos de mulleres referentes que de forma xenerosa nos deixou por un tempo na

Biblioteca do noso IES. Todas elas foron rescatadas por Mica cando no Girltober do 2018 se percatou de que en moitas disciplinas no contaba con referentes. Todas elas foron rescatadas por Mica cando no Girltober do 2018 se percatou de que en moitas disciplinas no contaba con referentes. Todas elas con trabas no profesional e no persoal polo simple feito de nacer e vivir como mulleres e condenadas ao ostracismo máis cruel por rebelarse contra unha sociedade que as quería sumisas. Cando os seus retratos desaparezan de entre os nosos libros vellos esperemos que sexa para ser incluídas nos novos. E tamén, xa de paso, nas nosas mentes para que tomemos o relevo e contribuíamos a recuperar tantas historias, tantas mulleres que non por descoñecidas foron menos importantes. Seguíde aprendendo do proxecto e da vida destas mulleres en [mujeresque.com](http://mujeresque.com)



"Mica" na nosa Biblioteca.

## Xente nun mundo de patronos

Teresa López



Cartel de *Sorry We Missed You* (Fonte: Filmaffinity).

A película "Sorry we missed you", do director Ken Loach reflicte unha realidade que vai máis aló do capitalismo salvaxe e o seu "neoescravismo", representado por un pai de familia de clase obreira, que traballa coma un falso autónomo servindo a unha empresa de paquetería e unha nai que coida a anciáns e enfermos. Ambos os dous traballan baixo unhas condicións de precariedade extrema a cambio duns soldos que apenas lles dan para subsistir. Deste xeito, viven para traballar, sendo vítimas directas das prácticas

económicas neoliberais, que custan a saúde e a vida das persoas.

A maior parte da poboación sabe da existencia da gran cantidade de traballos escravos que se crean dende grandes multinacionais a costa de cada unha das persoas que precisan traballar para poder pagar as súas facturas e, no caso de ter fillos, para que estes poidan levar unha vida digna, cuestión de Dereitos Humanos. Sen embargo, esta problemática non só se da en países dos que apenas sabemos a súa situación xeográfica, onde grandes señores (porque é unha realidade que case na súa totalidade son homes, e non mulleres, os grandes donos de empresas que teñen países en vías de desenvolvemento ao seu mando) poñen a traballar a nenos, mulleres e homes baixo unhas condicións infrahumanas a cambio, como non, dunha miseria. Esta situación, salvadas as distancias, tamén a temos tanto no noso propio país coma en países veciños. Países teoricamente civilizados e con medidas que non permiten unha explotación humana, polo menos explícita, son partícipes de grandes redes de explotación sexual, ou a chegada de miles de mulleres embarazadas a países en épocas de colleita para ser usadas como man de obra (así voltan ao seu país). Prácticas como estas ou moitas outras que se engloban nunha escravitude moderna coa que todos estamos en contacto tódolos días.

Un total de 45,8 millóns de persoas viven en condicións de escravitude moderna, segundo un informe de Walk Free Foundation, que entende por escravitude cando unha persoa controla a outra de forma que lle priva de súa liberdade individual coa intención de explotala, pero isto só son cifras dunha escravitude directa.

Ao mesmo tempo que se producen estas relacións de abuso entre un país con certa potencia empresarial e outro ao que non se lle permitiu tal, non porque non teña a suficiente capacidade para selo (pero isto xa é outro tema), estamos a vivir unha escravitude implícita da que é partícipe todo canto nos rodea. Os grandes patronos da nosa actualidade non son outros que señores latifundistas de séculos atrás, ou caciques que tanto ben lles fixeron aos poderosos beneficiados do sistema oligárquico. Un sistema que aínda perdura hoxe en día, que incluso é capaz de dividir ao pobo entre si, é dicir, á gran maioría, e fai esquecer a condición social da que provén. Estes mesmos patronos crean traballos, si, pero non sempre moitos e moi precarios. A película de Loach mostra unha crítica realidade que afecta a unha familia enteira, vítimas dun neoliberalismo que se veu fraguando no tempo.

As relacións laborais que este ofrece son perfectamente descritibles a través dos ollos do teórico Marx. Este vén a dicir que os traballadores semellan ser máquinas que funcionan grazas á graxa que os move, é dicir, un salario. Pero iso non significa que os salarios que estes reciben sexan xustos, de feito, non o son. Aquí de novo a figura do gran patrón e do capitalismo volve ser imprescindible, xa que o sistema calcula o salario a partir da plusvalía que espera recibir. Isto é, se buscamos unha produción en cadea e custos mínimos posibles, pero chegamos a un punto onde os custos non poden ser máis baixos, baixar os salarios dos traballadores fai que non deixen de aumentar as súas respectivas plusvalías. Entón, a necesidade das persoas por sacar adiante un diñeiro que permita manterse, coma no caso da parella da película, fai que traballar nestas condicións sexa case unha imposición. Por iso, a historia sempre é a mesma e sempre tende a repetirse.



*O director Ken Loach na gravación. (cineuropa.org)*

A relación do señor-vasalo actual ben pode ser a dun falso autónomo. Na etapa medieval, pagábase a un nobre por explotar unha terra, ademais de estar sometido a outros pagos coma os xurisdicionais (uso dunha ponte, dun muíño... que casualmente tiña como propietario a ese mesmo nobre). Isto recórdame aos moitos traballadores se fan chamar falsos autónomos (a pesar de non selo, xa que ter un único pagador é ser un empregado) que deben abastecerse e tódolos medios necesarios para poder desenvolver o seu traballo como unha furgoneta ou un seguro de traballo, pero que están sometidos a un horario, que en moitos casos excede do máximo por lei, e unha demanda que deben cumprir. Pero outro aspecto perigoso sobre a condición humana dos explotados é o desenvolvemento de enfermidades e actitudes amorais, moitas veces non propias deles mesmos por natureza, senón adquiridas pola presión á que se ven sometidos. Todo evoca en grandes trastornos ou enfermidades maiormente psicolóxicas como a depresión, a ansiedade ou a violencia. De feito EEUU, país capitalista por excelencia, conta cunhas elevadas taxas de depresión entre a súa poboación. Isto serve para afirmar que cando estamos a falar dunha libertinaxe capitalista non só falamos do ámbito económico e político, senón tamén do social. A mesma OMS

afirma que a depresión inclúe síntomas como a perda do sentido da vida, desesperanza, sentimentos de baleiro, infelicidade, desinterese no coidado persoal e calquera actividade que antes fora gratificante, insomnio fatiga ou perda de enerxía, diminución do desexo sexual, dificultade para pensar y concentrarse, sentimentos de culpa e un gran sufrimento. Tras ver a película de Loach, cada un dos integrantes da familia cumpre con todos e cada un dos síntomas. Así é como todos somos unha peza máis dentro dun gran puzzle como é o neoliberalismo. Deforma as vidas de todos, crea unha inestabilidade emocional e fai ás persoas máis agresivas, incluso a mesma violencia machista se ve acentuada polos problemas estruturais que este sistema xera.

O capitalismo mostra a maior barbarie contra o conxunto da clase traballadora a nivel universal, e o valor das persoas pasa a medirse segundo as ganancias e intereses dun conxunto de oligarcas.

*“Sorry we missed you” é o último filme de Ken Loach, quen leva unha ampla traxectoria adicado ao cine político e social como director. Algunhas das súas obras máis aclamadas son “Nun mundo feliz” sobre as ETT ou “Terra e Liberdade” sobre a Guerra Civil española.*

---

## **Decrecemento económico: alternativa ou solución?**

*Ana Sánchez*


O capitalismo converteuse nunha forma de vida actualmente, vese de forma clara non só na economía en si, senón nas nosas accións, na nosa rutina, no noso traballo, incluso na educación, ou xa que estamos, nos nosos pensamentos e valores.

A existencia do individuo basease soamente en ser unha cifra e produto máis, e propiamente, en consumidor. Vivimos nunha sociedade onde ser exitoso é o máis importante para ser recoñecido, a idea de ser mellor co resto e sempre destacar. Todo afecta a nosa vida, como é posíbel que no caso do capitalismo, saibamos o que é pero non o que trae consigo? Agora mesmo parece un concepto un tanto abstracto, especie de “ente” que ninguén é capaz de destruír, e que, aínda que sexa levado a cabo polas máis altas pólas da sociedade, formamos parte del.

Como pode un “simple” sistema económico chegar a ser a base da nosa vida e ser algo normalizado e tan interiorizado na sociedade? Cando pensamos neste termo sempre ven á cabeza as grandes empresas como Inditex ou diversa “índole”. Claro que forma parte dese

sistema, mais non todo se reduce a comprar no Zara. O capitalismo marca como debemos actuar, como debemos pensar, como debemos ser ou incluso marca como ten que ser o noso futuro.

Agora está moi de moda o ecoloxismo, veganismo e diversos movementos, que parecen como unha especie de solución ante esta problemática, mais independentemente disto seguen a contribuír ao sistema, onde a base é o consumismo.



Temos a separar sempre o ben e o mal, mais non todo o que parece unha boa solución é un bo método. Non estou dicindo con isto que apoiar estas ideas sexa algo malo, pero estase a facer o mesmo como cando se di de deixar

de comprar no Zara porque explotan a mulleres e nenos do (como denominamos os supostamente “desenvolvidos”) “Terceiro Mundo”, para así sentirnos mellor connosco.

Todo resulta unha hipocresía, ou mais ben, toda a historia foi e é un ciclo vicioso e repetitivo, cheo de hipocresías. O caso é que para frear dunha forma esta situación e sistema capitalista (que de todas formas é irreversible), atópase unha opción ou mellor dito alternativa denominada: decrecemento económico, que intenta diminuír (xa como o propio nome indica) a produción económica e polo tanto reducir o consumo, tomando como exemplo demais países principalmente do sur. No capitalismo sempre se busca o maior beneficio posible defendendo a necesidade de competitividade e “aproveitamento” de recursos para unha suposta vida cómoda e de mellor calidade. No caso do decrecemento inténtase reducir eses recursos e eliminar esa idea de conflitividade, xa que implica inestabilidade na sociedade e un abuso de medios completamente innecesarios.

Vendo o panorama actual, parécese practicamente imposible establecer esta idea, xa que supón un cambio total non só en canto a recursos e consumo, senón á forma de vida dos individuos. Como dixeran anteriormente, o capitalismo é como funciona a sociedade e o



propio mundo, é algo xa instaurado e polo tanto imposible de disolver.

Cabe destacar que o decrecemento non só inflúe na propia economía senón na sociedade como tal. No capitalismo claramente hai unha notoria xerarquización, onde mais cunha democracia parece unha oligarquía. Aparte disto, a propia desigualdade ou mais ben aproveitamento dos gobernos do norte sobre os países propiamente do sur. É realmente interesante: ver que nos facemos os moralistas e humanitarios, preocupándonos por estes países, cando ás costas somos os culpábeis da súa situación.

É como no caso do cambio climático e demais temas tan populares actualmente, agora como vemos que todo aquilo que necesitamos está escaseando cada vez máis actuamos para “frear” a situación, cando xa estaba presente hai tempo. Pero coma todo, só actuamos cando nos afecta directamente, e agora de repente somos todos ecoloxistas e levamos saquiños de tela para ir ao Mercadona.

No caso do decrecemento a cuestión é reducir todo aquilo que consumimos conseguindo os mesmos resultados ou incluso mellores, cambiando por completo esa necesidade de enriquecemento e beneficio propios, é dicir,

abandónase esa idea tan individualista.



Como podemos ver o decrecemento abarca moitos ámbitos, polo que necesítase un proceso de concienciación da situación actual non dirixida soamente á crise climática ou a propia economía. Mais, pensando nisto seguramente nos veña a cabeza unha pregunta: cal é a nosa función en todo isto?

Na miña honesta opinión, estou bastante de acordo co tema do decrecemento económico, xa non como alternativa senón como solución a esta especie de “guerra” interior do individuo. Non quero falar sobre aspectos económicos, xa que é algo que aborrezco bastante, senón que quero ir máis alá. Como dixer, o decrecemento é solución ante a situación crítica do individuo, onde o único que o define é os seus bens materiais, e onde todo

o que fai non o realiza para si mesmo senón para satisfacer á sociedade, sumida na decadencia e egoísmo; ademais do feito de estar encarcerados nun traballo, nunha rutina, produce que necesitemos liberarnos, consumir para estar mellor con nós mesmos.

Para min é esencial mostrar este tipo de movementos, para facer ver á humanidade que a situación que estamos a vivir é completamente agonizante e inadecuada. Claramente é difícil acabar co capitalismo, xa que ven dado por uns gobernos, que ademais nós mesmos eliximos, polo que somos igual de culpábeis. Así, ten que vir da nosa parte todos estes remedios porque, como se di no gran filme Fight Club de David Fincher: “ as cousas que posees rematan sendo donas de ti (...) só despois de que perdes todo é o momento no que es libre para facer calquera cousa”.



*Carlos Taibo, teórico do Decrecemento no Salón de Actos do Lucus*

## Sé sincero... o no

Carlos Álvarez

La verdad y la mentira, por su impacto en nuestra vida, son dos de las principales preocupaciones de la ética. Estas abarcan desde lo más cotidiano y personal hasta los asuntos sociales más destacados del momento.

Habitualmente, en nuestras sociedades se defiende de forma impertérrita la sinceridad como norma de comportamiento. Tan sólo se conceden ciertas licencias para tergiversar los hechos en caso de que, de este modo, se evitase un mal mayor. Según Sócrates, mentir sólo podía ser legítimo al dirigirse a un enemigo o a un amigo en riesgo de cometer un grave error si éste conociese la realidad.

Es importante recordar que el código moral de nuestros días procede de una larga tradición judeo-cristiana que Occidente arrastra desde la Edad Antigua, cuando el emperador Teodosio oficializó el cristianismo en los territorios del Imperio Romano, al tiempo que estableció como canon ético sus valores.

Teniendo en cuenta el conservadurismo que caracteriza a la Iglesia, sus postulados han permanecido inmutables durante siglos, con excepción de ligeras modificaciones que esta Institución tuvo a bien realizar para

mantenerse a flote en momentos de especial rechazo hacia ella. Por ello, resulta lógico pensar que se trata de un sistema atrasado y obsoleto dada la evolución histórica de la sociedad.

Por añadidura, sus razonamientos llevan a profundas incoherencias una vez los ponemos en práctica. Desde niños, se nos inculca, incluso bajo severas amenazas, la obligación de no mentir nunca para, inmediatamente después, censurar todo aquello que pueda resultar incómodo en público.



"A Escola de Atenas" de Rafael Sanzio

La omisión de datos lleva a la interpretación teledirigida del relato por parte del receptor, siendo ésta una forma velada de maquillar la verdad, es decir, una mentira, a fin de cuentas.

Retomando lo anterior, recibimos ideas contradictorias que, con el tiempo, tornan en la hipocresía de quien defiende la verdad mientras acepta la posibilidad de mentir.

Aun así, considero que tal proceder no es erróneo en la práctica, pero yerra en su argumentación, precisamente por ser hipócrita.

Debemos tener presente que, a fin de cuentas, la mentira alimenta la esperanza e incluso sustenta muchos lazos humanos. ¿Quién votaría a un candidato a la presidencia que manifiesta actuar únicamente por beneficio propio? ¿Quién compraría en una tienda cuyo dependiente no elogia el aspecto de su cliente? Y así podríamos seguir.

En realidad, no deja de ser un mecanismo de defensa contra aquello que nos afecta para hacerlo más llevadero. En su obra *San Manuel bueno y mártir* Unamuno expresa esta misma idea, afirmando que una mentira complaciente es preferible a una verdad dolorosa, como ocurre con los pueblerinos, consolados gracias a las misas de un sacerdote que, íntimamente, es ateo.

De no ser así, nadie acudiría a un espectáculo de magia, pues conocer el truco tras el mismo lo volvería tedioso. El actor italiano Vittorio Gassman expresa esto con gran habilidad: "Un buen actor es un hombre que ofrece tan real la mentira que todo participen de ella". Aceptamos el engaño hasta como entretenimiento.

Además, resulta presuntuoso sostener que contamos con una percepción plenamente fiable, teniendo en cuenta nuestra impotencia para asimilar ciertos conceptos abstractos que sustentan la mecánica del universo. Incluso nuestro criterio habitual para comprobar hechos cotidianos, la “verdad por correspondencia” de Aristóteles, es susceptible de caer en errores lógicos.

Todo esto me lleva a pensar que el mejor planteamiento sería: mente o no en función del interés prioritario; ahora bien, siempre con arreglo a sus consecuencias. Llegados a este punto, un mal estudiante justificaría copiar en un examen en virtud de su interés por aprobar, pero incurriría en un error de previsión. Podría beneficiarse puntualmente de la mentira, pero, a largo plazo, carecería de los conocimientos necesarios. Para evitar esta confusión a la hora de decidir si es recomendable recurrir o no al engaño, creo que sería conveniente plantearse los siguientes interrogantes y obrar en función a las respuestas dadas: ¿Cuál es mi interés? ¿Como conseguirlo? ¿Qué consecuencias tendrá? ¿Son estas realmente beneficiosas o es probable que se vuelvan en contra?

Como única salvedad, es posible defender tan estoicamente la verdad solo cuando tratemos el avance del conocimiento, pues al ser la única

vía capaz de abrir las puertas del progreso social, un frente incuestionable como necesidad humana, es preciso apartar de su camino toda traba que lo entorpezca.

En conclusión, la valoración de la verdad en nuestras sociedades es hipócrita y falta de fundamento, puesto que nuestra imperfecta concepción de la realidad nos impide acceder a la totalidad de la información y, por tanto, tergiversa las proposiciones que enunciamos. Ante esto la sinceridad debería ser un instrumento de cohesión y progreso humano antes que un auto-otorgado galón al buen comportamiento.

*Este artigo acadou o 2º premio do I Premio de Artigo Filosófico organizado polo grupo de Filosofía do Club de Letras e que contou coa colaboración da revista “Hechos Mínimos”.*

---

## Tu activismo es misoginia

*Ana María Díaz*

Imagina hablar de la clase obrera como “personas que son pobres”, ajeno a cualquier definición sociológica, histórica, económica y material que tiene características propias y conforma una posición definida.

Imagina que te digan que la clase obrera puede ser quien quiera, porque no está basado en

nada material, sino en una percepción. Que la “clase obrera” es quien así lo sienta y que el movimiento obrero no tiene un sujeto político definido. Que cualquiera puede entrar en él, hasta un burgués.

Imagina que te negasen la lucha de clases y al nacer no estuviese ya condicionada y definida tu posición en la sociedad, dejando de existir las conocidas categorías binarias (proletariado-burguesía), porque hay tantas clases sociales como personas y puedes elegir la que más te guste (clase económica “fluida”).

Imagina que te fetichizasen lo que es ser de la clase obrera, reduciéndola a la pobreza, no tener propiedad privada, ir con mono azul, currar en una fábrica y tener un piso en el extrarradio. Algo así como que un burgués, por vestir ropa rota, un chándal y escribir con “K”, dijese que es “de barrio”.

Todo esto y muchas más situaciones así, es lo que está pasando con las mujeres, el feminismo y la nueva denominación “personas con vagina”; con todo su respectivo discurso de odio dirigido a aquellas personas que no se sublevaran a tal clasificación, acabando tachadas como “TERFs”.

Referirse a toda aquella mujer que rechace o cuestione el movimiento del transactivismo o las bases del movimiento *queer* de TERF (acrónimo referido a toda aquella feminista

radical que supuestamente es trans-excluyente) va más allá de ser un término descriptivo.

Es una forma de deshumanización (análogo al tan famoso término “feminazi”), sobre la que está justificada verter todo tipo de violencia y acoso; hacia mujeres que son conscientes de su propia lucha y que la sociedad tanto lucha por silenciar.

Estos términos tienen una carga tan peyorativa que ya no se hace referencia a una mujer, sino a una “TERF”, y el acoso está justificado; siendo una forma de misoginia aceptada.

En realidad, se le está cediendo mucho el paso -como si tuviera algún peso intelectual- a la invención de los mil géneros y demás bazofia postmoderna, cuando no es más que una comunidad e ideología salidas de Tumblr y otras redes sociales para adolescentes con base americana.

Si cualquiera puede elegir su género, ajeno a toda imposición, si cualquiera puede tener una identidad ajena a una imposición política; la misma violencia machista dejaría de ser tal, así como las problemáticas asociadas a las mujeres, puesto que “mujer” perdería su propio materialismo político.

Todo este movimiento *queer*, tan inclusivo y diverso, nos lleva a un tremendo retroceso en

todo avance en materia de abolición de estereotipos, por el que una vez pelearon las mujeres; puesto que, si una mujer pierde su propia definición al no ajustarse a los parámetros impuestos por su género, por su *feminidad* (tener el pelo corto, llevar ropa ancha, etc) se le deberá crear una nueva identidad.

Todo lo que rodea a esta teoría es, literalmente, la trampa de la diversidad: ¿qué diferencia hay entre una “mujer trans” y un hombre que utiliza prendas femeninas?

¿Cuál es el interés en tener que mencionar a otra gente, que nada tiene que ver con sexo femenino, en el momento de hablar de nuestros problemas y su mercantilización (prostitución, gestación subrogada, etc.), si no es para invisibilizar a las mujeres en cuestiones sistemáticas?

Es denigrante desligar a las mujeres de sus propios intereses y lucha -legítimas y exclusivas- para poner por delante cualquier sujeto o movimiento que “lo pasa peor” y encima se exija que se les incluyan en el mismo porque “son tan mujeres como las demás”, como si las mujeres biológicas por ello pasasen a ser unas privilegiadas que no merecen voz propia.

Y, obviamente, si no se apoyan este tipo de conductas misóginas, eres una “TERF”.

Por ello y todo lo anteriormente mencionado, todo lo relativo a lo *queer* es especialmente peligroso, pues ejerce una gran influencia en gente joven aún en formación de su propia personalidad, en etapas difíciles y con gustos dispares. Por su peligrosidad e influencia, es bastante obvio que está encaminada al revisionismo histórico: al no existir ni hombres ni mujeres (y, por tanto, tampoco existe nada material ni ninguna diferencia sexual que las distinga), tampoco lo hará la opresión sexual y su división en el trabajo; eliminando toda base en el feminismo radical.

¿Dejaremos que nos dominen los pronombres y los términos mal usados, o tomaremos cartas en el asunto? Esa será la única libre elección que estará ajena al control del neoliberalismo y su ansia por implementar leyes que formen a una sociedad cada vez más voluble y manipulable, bajo su tupido velo de “libertad de pensamiento”.

*Este artigo acadou o 1º premio do I Premio de Artigo Filosófico organizado polo grupo de Filosofía do Club de Letras e que contou coa colaboración da revista “Hechos Mínimos”.*

hechos  
mínimos  
h

## 25-N

*Noa Palmeiro e Noelia Rego*

O 25 de novembro, Día Mundial Contra a Violencia de Xénero, todas e todos temos claro o que queremos reivindicar, a oposición ao machismo, a liberdade das mulleres, é dicir, a igualdade da que estamos tan lonxe. Pero non podemos esquecer esta loita os vindeiros 364 días do ano. Hoxe, especialmente, queremos recordar a todas esas mulleres que, ao longo da historia, foron humilladas e maltratadas, discriminadas e invisibilizadas; pero, sobre todo, queremos recordar que o machismo mata.



Un momento da lectura do manifesto ao que acompaña esta fotografía. A lectura completa está na nosa canle de Youtube.

A violencia machista arrebatou máis vidas que o terrorismo en España. Máis de mil mulleres foron asasinadas desde o ano 2003 e, por desgraza, esta cifra continúa en aumento cada día. Tendo en conta que dentro destas 2027 mulleres non están incluídas as vítimas de violación, da fenda salarial, da trata de

persoas, do acoso, do maltrato físico e psicolóxico, as que non se lles permite decidir sobre o seu corpo, e tampouco se inclúe ás vítimas máis invisibilizadas, as nenas e nenos orfos ou, incluso, asasinados en mans do seu propio pai.

O día 25 de novembro non foi escollido por casualidade. Este mesmo día do ano 1960 as catro irmáns Mirabal, Patria, Minerva, María Teresa e Debé, coñecidas como as “bolboretas”, convertéronse nun símbolo da resistencia, tanto popular como feminista. Naceron, viviron e loitaron na República Dominicana contra o réxime de Trujillo, sendo activistas políticas e figuras moi visibles desa resistencia na que defendían a xustiza e a democracia. Este foi o motivo polo que o 25 de novembro os seus corpos xacían nun precipicio coas articulacións partidas e claros signos de estrangulamento. As irmáns Mirabal, xunto con milleiros de mulleres, iniciaron umha loita pola que deron a súa vida e que nós debemos continuar.

No século XVIII loitamos polo dereito á educación, no Século XX polo dereito ao voto e, aínda agora, en pleno século XXI loitamos para librarnos dun machismo que ataca todos os nosos dereitos, ata a propia vida.

É a conciencia de que o problema existe a que brilla pola súa ausencia, e é a normalización

social do machismo a que nos está asasinando. A educación é a única arma que nos pode axudar a combater a violencia machista, pois, como dicía o antigo filósofo Pitágoras, “educa a un neno e non terás que encarcerar a un home”.

É hora de sacar á luz a todas esas grandes escritoras, filósofas, artistas e mulleres ignoradas pola historia, é hora de poñer as lentes violetas e ver a gravidade do machismo e o risco que corremos todas as mulleres, é hora de dicir “basta xa, quero ser libre”, é hora de poñernos en pé, todas e todos, para rematar a loita que comezaron as nosas antepasadas.

---

## No mundo non hai lugar para os refuxiados

*Dulce Sosa*

A sociedade actualmente está conformada por un gran número de refuxiados. O termo refuxiado, que segundo a Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados que se levou a cabo o 28 de xullo de 1951 en Xenebra, Suíza é aquela persoa que “debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, pertenza a determinado grupo social ou opinións políticas, encóntrase fóra do

país da súa nacionalidade e non poda ou, a causa de ditos temores, non queira acollerse á protección de tal país; ou que, carecendo de nacionalidade e achándose, a consecuencia de tales acontecementos, fóra do país onde antes tivera a súa residencia habitual, non poda ou, a causa de ditos temores, non queira regresar a el”. Este concepto xurdiu tralo fin da Segunda Guerra Mundial, pola enorme masa de persoas que abandonaron Europa do Leste trala ocupación soviética para, deste modo, definido a súa situación puidesen establecerse as pautas a seguir para garantir os seus dereitos.

Aínda que as causas varían, o número de persoas desprazadas segue en aumento, sendo a primeira metade do ano 2017 o período con maior éxodo xamais rexistrado, con máis de 70 millóns de persoas, ascendendo a 24,4 millóns o número de refuxiados, segundo os datos do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).



Campamento de Dadaab, Kenia. (Acnur)



Un dos países co caso máis grave de refuxiados é Siria, xa que os intereses xeopolíticos, ademais da guerra contra o terrorismo do Estado Islámico causan conflitos que vulneran os dereitos da poboación civil e que levan ao éxodo masivo. Países como Sudán do Sur, onde razóns de control político, económico e social asentaron o país na violencia, e Afganistán, que se atopa nun estado de inseguridade constante, tamén, constitúen os países cuxa poboación é maioritaria nas listas de persoas que buscan refuxio noutros países.

Na segunda década do século XXI, cabe preguntarse por que siguen existindo este tipo de situacións propias das que xa se viviran na Primeira e Segunda Guerra Mundial. É que a caso non funcionan os organismos creados como resultado desas guerras como a ONU e os tratados de paz? Por que non se respecta a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que xurdiu para evitar que persoas en todo o mundo sufriran este tipo de cousas? Como facer que a sociedade entenda e acepte aos refuxiados?

Respondendo a estas cuestións, entrevistei a Juan Sosa Maldonado, defensor mexicano de Dereitos Humanos, refuxiado, que actualmente conta con asilo político en España.



*Juan Sosa con cartel esixindo a liberación de Damián Gallardo*

### **Cal foi a razón pola que abandonaches o teu país?**

Regularmente un mesmo non abandona o seu país, obríganlo a abandonalo. O peor é ter conciencia das causas que te obrigaron a abandonar o teu país, a impotencia de non poder cambialas e terminar, derrotado, nunha terra estraña.

Precisamente por ter esa conciencia me dediquei a defender dereitos humanos desde moi novo, aínda que entón non sabía que iso me convertía en defensor de Dereitos Humanos, creo que hai poucos anos que se empezou a recoñecer o papel que as

defensoras e defensores de Dereitos Humanos temos no mundo.

Pola defensa de causas a favor dos pobres fun vítima de desaparición forzada en 1998, torturado e encarcerado ata o ano 2001. Despois da prisión política decidín seguir loitando pola liberdade de centos de indíxenas que, coma min, permanecían inxustamente presos. As inxustizas foron acumulándose e a procura de xustiza e liberdade leváronnos á coordinación con outras e outros defensores a nivel nacional, entón, cando o goberno creu oportuno, decidiron proceder á execución extra xudicial de toda a familia, non sería algo novo, xa sucedera con outras e outros defensores e sigue sucedendo. Puidemos escapar e buscamos mecanismos para poder permanecer no país pero foi imposible: como non podían localizarme perseguiron á familia. Obrigáronnos a fuxir a onde fora e como fora. Estivemos, primeiro, cinco meses en O Salvador, Centro América, e, despois, acollidos no Programa de Atención Temporal para Defensoras y Defensores de Dereitos Humanos de Amnistía Internacional, chegamos a España un 29 de Abril de 2014, hai xa seis anos.

### **Que supuxo para ti deixar atrás o teu país?**

En primeiro lugar, antes de tomar a decisión de fuxir non me imaxinara a vida de outro xeito e moito menos abandonar todo o traballo que

estaba realizando, deixar abandonadas a todas as persoas que esperaban que o noso traballo lles axudara a sobrevivir. En segundo lugar, aínda que vimos os cinco membros da familia, deixamos ao resto dos nosos familiares, veciños, amigos, compañeiros de traballo, proxectos de vida, a nosa casa, as nosas cousas. Saímos sen avisar e con moitas persoas aínda non restablecemos comunicación. Insisto, un non quere saír, ninguén quere abandonar a súa terra, ninguén se convirte en refuxiado por gusto.

### **Como sentiches o recibimento en España?**

Despois de cinco meses nun entorno tan violento como é Centro América e aínda moi cerca de México, chegar a España supúxonos un gran alivio, sobre todo porque a diferenza de moitos refuxiados, nós xa viñamos arroupados desde O Salvador por Amnistía Internacional. Iso marca unha gran diferenza respecto a outros procesos.

De feito, non sentimos ese desprezo que algúns mostran polos refuxiados ata despois de un ano, cando saímos do Programa. Por outro lado, nunca antes me imaxinei vir a España, pesaba, creo, o vello contexto histórico do colonialismo, por aquela ideoloxía de conquista e desprezo cara os indíxenas que desafortunadamente non desapareceu, pero o entendo, o entendo porque agora coñezo o

contexto socio-cultural en que se desenvolveu todo e a terrible historia pola que o pobo español pasou e o que aínda sofre.



*Juan Sosa*

### **Cres que a sociedade acepta a chegada de estranxeiros?**

O que creo é que pesa moito o que os centros de poder político e económico determina respecto aos refuxiados, respecto aos pobres. Lémbrese que España é un paraíso vacacional para quen ten diñeiro, a eses estranxeiros non se lles despreza, sexan da cor de pel que sexan, do país que sexan ou da relixión que sexan: son ricos.

Sen embargo, como nos vellos tempos coloniais e escravistas, nos necesitan, e, desgraciadamente, todo obedece a unha gran política global. Política que non toma en conta

que hai cousas que xa se deberían ter superado, que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos aplica para todos os seres humanos e que a expulsión de millóns de homes e mulleres dos seus lugares de orixe obedece á ambición duns cantos. Desafortunadamente, isto a sociedade non o entende, e non o entende porque hai control dos medios de comunicación, dos mecanismos de educación e cultura e políticas transnacionais aos que lles convén este estado das cousas. Non, non é fácil ser un refuxiado.

### **Como foi o proceso de solicitude de asilo?**

O traumático non foi o procedemento para solicitar asilo, foi asimilar que non podíamos regresar a o noso país, que estábamos nun lugar practicamente descoñecido e sen os recursos económicos e emocionais para afrontar esta nova situación. En canto ao procedemento, enfrontamos a burocracia, o descoñecemento dos mecanismos, o saber que vaíamos onde vaíamos seguimos sendo estranxeiros e que hai, como xa se dixo, sectores da sociedade que nos rexeitan.

Non tivemos ningún problema para acreditar a nosa condición de defensores de Dereitos Humanos e de vítimas de violacións a Dereitos Humanos no noso país, hai anos de traballo que avalan a nosa traxectoria e somos dos

poucos casos que, en España, alcanzou o Estatuto Legal de Refuxiados.

### **Que medidas cres que se deben tomar para evitar o éxodo?**

Hai que parar todo, este non é o mundo que queremos, nin o que os seres humanos nos merecemos.

Aínda que moi pouca xente se detén a reflexionar, este mundo vai mal, non soamente enfrontamos unha guerra e unha confrontación permanente senón que estamos poñendo en risco a vida do planeta, todo o planeta.

A humanidade xa coñece as medidas para evitar todo o que padecemos, porque a humanidade xa sufriu moito, como resultado dese sufrimento temos instancias internacionais como a ONU e os convenios e tratados internacionais que todos os gobernos están obrigados a respectar, pero non o fan, e non o fan porque, aínda que tamén moi poucos se paran a reflexionar, vivimos nun mundo capitalista onde prima o interese duns cantos multimillonarios, a eles non lles interesamos os seres humanos, a eles lles interesan as ganancias.

Ao resto da poboación quédanos educación e máis educación. Mobilización popular para

parar esas agresivas políticas que nos están matando.

### **Cales son os teus plans de futuro?**

Isto é moi importante, ter un plan, un mapa de ruta, querer e saber a onde chegaremos.

Aínda que parece que non, sempre tiven metas ben definidas, gústame saber que é o que quero e creo, sempre logrei o que me propoño. Eu non me sinto no final da miña vida, nin creo que todo estea perdido, cando decidín buscar unha parella quería formar un fogar, ter unha familia e aínda que os accidentes que significaron a desaparición forzada, a prisión política e agora o exilio trastornaron o que podería ser una familia tradicional, logrei ese obxectivo de ter unha familia e unha familia que se mantén unida e con valores. Eses valores tal vez a cada un dos seus membros lles sería difícil definir, pero sei que existen.

Agora, o importante é que sexamos a familia que quero, a familia que queremos cada un de nós e que cada un desenvolva o seu propio proxecto de vida, que teñan unha meta, un destino.

Sei que podo recuperar os estudos realizados, pero neste momento segue a interesarme a educación, o coñecemento: a falta de traballo, estudo. Neste momento estou nun terceiro ano de IV Ciclo da Universidade de Santiago de

Compostela, estou cursando o cuarto ano da Escola Secundaria para Adultos para poder solicitar a nacionalidade española e presenteime á Proba de Acceso á Universidade para estudar Lingua e Literatura Española o próximo ciclo escolar, teño unha historia que contar e quero ter as ferramentas para poder contala. Quero ser e estou traballando niso.

Seguirei sendo un defensor de Dereitos Humanos e interésame coñecer o contexto no que desenvólvese o mundo onde vivo. Plan de futuro: vivir a vida plenamente.

Como Juan, hai millóns de persoas con historias distintas pero na mesma situación, buscando un refuxio, fuxindo das guerras, dos conflitos, situacións que non cesan a pesar de que hai numerosas organizacións que traballan todos os días por cambialo. Sen embargo, nese traballo é moi importante que todos os cidadáns se informen e mobilicen, cando iso suceda os gobernantes entenderan que é a súa obriga coñecer, respectar e facer respectar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos para que todos disfrutemos dunha vida digna, unha vida de calidade e calidez humana.

---

## **Carlos Taibo: “Debemos desurbanizar e reruralizar as nosas sociedades”**

*Ainara Villabrille e Noelia Rego*

Carlos Taibo compartiu en decembro un par de días connosco que souberon a pouco, pois a infinidade do seu coñecemento non abonda a se abarcar en tan pouco tempo. A súa amabilidade e a humildade que pon en práctica no trato persoal compensan, tamén, o tempo que un pasa con el. Aproveitando a súa visita ao noso IES quixemos conversar con el da Teoría do Decrecemento e do colapso que está por chegar. O escenario foi un dos habituais, o estudo de radio do Instituto.

### **Carlos para nos poñer en situación... que é o decrecemento?**

O decrecemento é unha perspectiva que afirma que se vivimos nun planeta con recursos limitados parece que non ten moito sentido que aspiremos a seguir medrando ilimitadamente. Sobran os motivos para concluír que deixamos atrás as posibilidades ambientais e de recursos que a Terra nos ofrece. Pensade que a pegada ecolóxica é de 3.0. Isto significa que para manter as actividades económicas que hoxe temos en España precisamos tres veces o territorio español. Isto *malresólvese* a través da presión

inaudita sobre os dereitos das xeracións vindeiras sobre os dereitos de moitos dos habitantes dos países do sur e tamén sobre os membros das demais especies coas que compartimos o planeta.



Un momento da entrevista a Carlos Taibo

### **Por que sería necesario logo o decrecemento?**

Porque deixamos atrás esas posibilidades ambientais e de recursos. Porque empezamos a comer recursos que sabíamos que eran escasos e hoxe temos a oportunidade de comprobar que o son. O principal debate ao respecto é o que se refire ás materias primas enerxéticas: petróleo, gas natural e carbón. Estas estanse a esgotar e estase a presentar o risco dun colapso xeral do sistema.

### **Como sería un sistema económica baseado no decrecemento?**

Adoito a presentar varios verbos para presentar ese escenario. O primeiro é decrecer. O segundo, desurbanizar, ou xa que

logo, reruralizar as nosas sociedades. O terceiro é empregar de maneira moito máis prudente moitas das tecnoloxías que hoxe utilizamos. O cuarto é despatriarcalizar a lóxica de fondo das nosas sociedades. O quinto, descolonizar as nosas cabezas e aprender de moitos dos hábitos dos habitantes dos países do sur. O sexto e último, aceptar sociedades moito menos complexas que as que hoxe fomos quen de desenvolver.

### **En caso de tomar estas medidas de canto tempo estaríamos falando?**

O problema é que o risco do colapso está de por medio polo que o tempo que temos depende de cando coloquemos ese colapso. As persoas que traballaron con seriedade sobre ese risco afirmar que non é para dentro de cen ou cento cincuenta anos. Que o período crítico é do 2020 ao 2050, literalmente na volta da esquina.

### **Que é o colapso?**

É un golpe moi forte que remata con todas as relacións políticas, económicas e sociais que coñecemos. Un golpe irreversible. O que o distingue dunha crise é que nunha crise pensamos que é posible regresar ao escenario anterior, no caso do colapso non. Outro elemento importante é o da complexidade. Cando as sociedades se van volvendo máis

complexas necesitan cantidades crecentes de enerxía cando esta falta.

### **Sería reservable o dano feito?**

Eu teño a impresión de que non. Podemos mitigar algunhas das consecuencias máis negativas do colapso e adiar no tempo a súa manifestación. Mais hai quen pensa que esta última recomendación non é moi axeitada, que tal vez sería preferible que adaptásemos a cabeza ao escenario do colapso e intentásemos poñer en funcionamento todo ese tipo de regras alternativas desde o momento presente sen necesidade de agardar a que o colapso chegue.



### **Como afectaría o decrecemento nas nosas vidas diarias?**

Depende de como o fagamos. Esta teoría bebe da idea de que podemos vivir mellor con menos mais para isto é necesario redistribuír

radicalmente a riqueza. Nun planeta onde a riqueza está cada vez máis concentrada nunhas poucas mans, o panorama é tétrico. Teremos que reducir moitos dos elementos que dan conta do noso nivel de vida. A perspectiva do decrecemento di que temos que privilexiar os bens relacionais por riba dos ben materiais. Dito doutra maneira, unha vez satisfeitas as necesidades básicas sabemos que a nosa felicidade ten máis que ver coas relacións persoais que coa acumulación de bens de consumo.

### **Cres que iso fixo que a calidade de vida descendera nos últimos anos?**

Penso que as xeracións máis novas tedes que tomar contacto cunha perspectiva moi común nas sociedades que afirma que cada xeración que entra vive mellor que as anteriores está a romperse. Paréceme que non tedes garantido un posto de traballo ou un subsidio de desemprego. É difícil imaxinar que dentro de trinta ou corenta anos ides cobrar unha pensión. E isto fala dun deterioro dramático das condicións de vida do conxunto da poboación e máis nomeadamente da xente máis nova.

### **Que podemos facer nós nas nosas casas ou no centro educativo?**

Podedes organizarvos. Podedes tentar mudar a vosa vida cotiá reducindo consumo ou

reciclando mais é importante argallar organizacións colectivas que permitan afrontar este tipo de riscos. Se non somos quen de combinar o individual co colectivo dificilmente imos poder afrontar estes problemas.

### **Hai alternativas ao decrecemento para evitar o colapso?**

Desde o meu punto de vista non. Mais debo puntualizar que o decrecemento tampouco é unha alternativa para o colapso é unha alternativa para organizar a sociedade tralo colapso. As ferramentas que nos permitirían esquivar o colapso seguen a ser interesantes mais sobre todo para utilizar logo do colapso que xa é inevitable.


---

## **Cristina Fallarás: “Fixéronnos desaparecer desde Safo ata onte”**

*Teresa López*

Atopámonos coa xornalista e escritora Cristina Fallarás á saída do evocador Vello Cárcere onde vén de presentar ante o público lugués a súa última obra *Ahora contamos nosotras* editada por Anagrama. Mais nós queremos achegarnos á súa figura e á súa visión sobre o momento actual do feminismo e dos medios

de comunicación xeralistas que ela tan ben coñece.



Último título publicado por Cristina Fallarás (2019).

**Cristina, na presentación comentaches que provés dunha familia moi relixiosa, con raíces aristocráticas e con algún tipo de vínculo co réxime franquista...**

Si, a miña avoa era baronesa e o meu avó coronel franquista que ademais participou nun adestramento por parte da Gestapo, cos nazis. E ademais unha familia ultracatólica.

**E como realizas esa ruptura ideolóxica? En que momento che dá conta de que todo iso non é o que ti queres?**

Pois fíxate que comezo pequena. Quizais polo cristianismo no que fun educada tras dezaseis



anos nun colexio de monxas do Sacro Corazón. De súpeto a idea de xustiza e de igualdade social que é o único que eu collo de aí, faime pensar que aquí non hai igualdade, que aquí non hai xustiza e xa no colexio empezo a pelexar por isto. Pero de súpeto fíxoseme moi claro que o problema máis grande era a diferenza coas mulleres e a violencia que se exercía sobre o corpo das mulleres. Cando a min me veu a regra houbo algo brutal niso pois empezaron a adestrarme con frases como: Agora ten coidado, Vístete doutra maneira, Non sexas porca... e aí rompéuseme algo. E a miña segunda gran ruptura chega co nacemento do meu primeiro fillo cando empezo a pensar que este non é mundo que lle quero deixar.

**Pola túa experiencia como xornalista como cres que tratan os medios de comunicación temas como a violencia machista ou o feminismo?**

A base do erro é crear seccións que se chaman Feminismo, Violencia machista ou Micromachismos. Primeiro, que ningún machismo é micro, todo é macro. Segundo, como se atoparon con algo que non manexaban e que tampouco querían manexar deciden illalo. É dicir, non facer que todo o xornal ou a radio sexa feminista, que é como debería de ser pois forma parte dos Dereitos

Humanos. No canto de impregnar todo o medio, illámolo e creamos unha sección. Esa é a trampa. Non é que falen mal, non é un tema gramatical ou de sintaxe que tamén se fai mal. A base está en apartalo. Hai economía, hai deportes, hai sociedade e logo están estas da violencia de xénero.

**Os poderes económicos e políticos contaminan en moitas esferas aos medios. E esta contaminación pasa ás redes sociais onde sabemos que es moi activa. Cres que axudan a transformar a mensaxe da rúa sobre o feminismo?**

Creo que hai unha dobre transformación. As redes sociais modifican aquilo sobre o que nós construímos o feminismo. É dicir, negáronnos o feminismo e a idea de violencia durante moito tempo. As redes sociais son un medio de comunicación de masas que non require de capital e isto é moi importante pois a muller non manexa capital. Á muller negóuselle o diñeiro, porque necesitaban que traballase gratis para que os homes tivesen e manexasen o diñeiro. Cando atopamos unha rede social que non implica investimento de capital atopamos un espazo onde nos podemos expresar. Isto modifica a nosa consciencia de nós mesmas e permítenos crear mecanismo de identificación que nos reúnan e por iso saímos á rúa. Estamos nun momento no que as redes

sociais evolucionou ata tal punto que nos unen e iso é clave á hora de entender o éxito dos últimos 8M. E paralelamente están a crear un relato machista violento que sae á rúa. A min ás veces insúltanme pola rúa, empúxanme ou me cospen. Ata me tentaron pegar. Ese relato vén de pasar o relato das redes á rúa.



*Cristina Fallarás (Wikipedia)*

### **É o populismo un alimento para o machismo?**

No caso de grupos políticos fascistas que rexorden hoxe nos nosos parlamentos por suposto. Pero é perigoso tamén que moitas formacións contrarias toleren isto. E faino cando da mesma maneira que toleran a violencia contra a muller, ao pagar por violar en prostíbulos, por exemplo. Igual que

manexan isto tamén o fan co silencio cómplice coa violencia do fascismo.

### **Crees que en España houbo unha memoria histórica en canto ao feminismo marcado polo baleiro en relación tamén coas referentes?**

Eu referentes teño moitísimas e son todas mulleres que non son famosas. Por suposto que admiro a Virgina Wolf, Mary Wolstonecraft ou Clara Campoamor. Tamén a escritoras como Ana María Moix, Rosa Regàs ou Pardo Bazán. Pero as miñas maiores referencias son mulleres que foron capaces de contar a súa historia sen ser narradoras. Mulleres que foron capaces de expoñerse sen ser actrices. Esas mulleres cuxos nomes moitas veces non coñezo son as referentes. Silencióusenos en toda a Historia. Non é certo que as mulleres escribísemos menos ou fixésemos menos, é que nos calaron, silenciaron as nosas obras. Desde Safo ata onte. Hai que buscalas, necesitamos recuperalas e sacalas á luz. Afortunadamente e tamén son para min un referente empeza a haber moitas editoriais que están a recuperar a aquelas mulleres que foron silenciadas e volvendo editalas. E eu se che digo a verdade, ultimamente soamente leo mulleres.

## **Inma López Silva: “Rosalía deuse conta de que había un problema coa situación das mulleres. Foi unha pioneira”**

*Alejandra Vilanova e Hío Blanco*

Inma López Silva é, con xustiza, unha das escritoras galegas de moda. Aproveitamos a súa charla *Adquirir a voz de muller: a escritura entre ficción e realidade*. Inscrita no ciclo de charlas dos Faladoiros Feministas organizados polo Foro Feminista Maruxa Mallo, Inma aténdenos no Vello Cárcere. Directa e sincera mais tamén calmada e aberta aténdenos logo dunha charla maxistral onde falou do feminismo e dos tópicos que o mundo literario impón ás mulleres que escriben.

### **Inma, cal é a importancia de dar faladoiros feministas?**

É fundamental, sempre hai moita xente nelas. Este é un público convencido, con xente interesada, o que permite afondar en certos debates porque os debates deben darse. E logo está a outra faceta, cando o público é cautivo, como nos IES, pois unha charla feminista adoita mudar algunha opinión. E toda aquela opinión que mude que vaia en prol da igualdade e da liberación das mulleres pois é unha boa causa. Ir a unha cárcere de homes,

por exemplo, a falar de feminismo e igualdade onde hai condenados por malos tratos e violencia machista ou vinculados a unha ideoloxía ou relixión con alto contido machista é fundamental e logras convencer xente.

### **Viches situacións de violencia machista ao teu redor?**

Se entendemos por violencia un maltrato físico ou asasinato non. Pero desde logo vin moitos casos de violencia verbal, de maltrato psicolóxico, nos que ademais actuar é moi difícil porque as mulleres non se dan de conta de que están a ser maltratadas. Están anuladas absolutamente e isto é doloroso porque aínda que desexes intervir debes facelo dunha determinada maneira e non todas temos as ferramentas para poder facelo.



*Un momento da entrevista a Inma López*

## **No teu ámbito literario ou teatral viviches algunha actitude machista por parte de mulleres?**

Si, por suposto porque o machismo non é unha prerrogativa dos homes. Igual que hai e debería haber homes feministas tamén hai mulleres que se comportan dun xeito machista porque a sociedade que nos forma e nos envolve é machista e acepta o machismo. Un asino de mulleres pode selo porque está amparado por unha estrutura que o acepta, o consinte ou que como mínimo mira para outro lado.



*Unha das obras de Inma López (editorialgalaxia.gal)*

## **Cres que o machismo foi reducido co paso dos anos?**

É unha moi boa pregunta pois o machismo, como di a miña amiga Carme Adán, é como de

plastilina, ten a capacidade de adaptarse a todo. O patriarcado engole calquera discurso e lle da a volta. Incluso o propio feminismo, como este feminismo neoliberal ou estas cousas de é feminista dedicarte á túa familia. Estas son as formas mediante as cales o patriarcado se apropia doutros discursos. Non sei se somos máis ou menos machistas pero seguimos sendo e iso é o que hai que cambiar.

## **E como consegues como muller e como escritora a túa propia voz?**

Facéndome consciente por unha banda de cales eran os elementos que eu podía crer que eran a miña voz propia e que eran herdados dun sistema educativo e dun canon literario, porque os nosos gustos non son tan libres como nos parece a nós. Entón foi pouco a pouco ir tomando conciencia de cales son os elementos que eu quería desbotar. Si hai un momento importante para min que é cando empezou a ser columnista na prensa e teño a capacidade de exercer a voz moitas veces, que é unha vez á semana. Isto obrígame a tomar diálogo coa actualidade e polo tanto tamén a tomar partido. Porque cando escribes unha novela e elixes un tema pero na prensa cada semana hai un novo e é aí cando te confrontas co que queres dicir e desde que lugar o queres facer.

## **Gustaríache ter vivido ese gran momento histórico na que as sufragistas loitaron polo voto feminino?**

Eu penso que as feministas estamos sempre no momento que temos que estar. E antes das sufragistas a primeira que se decatou de que tiñamos un problema foi Rosalía, unha pioneira. Aquí temos unha fonda tradición. Como Pardo Bazán, que tamén desde o mundo da cultura comezou a dicir verdades e por iso foi moi odiada. As sufragistas pensaban que a facultade de erguer a voz pasaba pola facultade de exercer o voto. Porque non todas tiñan unha tribuna no xornal como Pardo Bazán ou a posibilidade de escribir libros que lesen miles de persoas como Rosalía de Castro. Había moitas mulleres que a única opción que tiña de erguer a voz e pedir algo era exercendo o voto e buscando as formacións que mellor as podían representar. E eran moi perigosas porque eran a metade da poboación. Consegúrono tarde pero conseguírono.

## **Se tiveras que quedar cunha época da revolución feminista cal sería?**

Sen dúbida coas radicais dos anos 60 e 70 do século XX. Foron moi criminalizadas incluso dentro do feminismo e pola demonización da palabra radical que tan só é ir á raíz das cousas. Mais tiñan un discurso moi fundamentado e eran capaces de escenificalo dunha forma

maravillosa e lograron iniciar ese activismo tan rechamante da época. Aínda hai algo das súas accións no 8M actual.

---

## **Chis Oliveira e Amada Traba: “Temos asumido que os celos e o control son amor e non o son”**

*Noelia Rego e Ainara Villabril*

Chis Oliveira e Amada Traba non deixan indiferente a ninguén. Catedrática de Filosofía a primeira e profesora de Socioloxía da Educación na Universidade de Vigo a segunda, visitáronnos no Lucus para falar da súa obra conxunta *ám@me* editada por Galaxia. A actividade enmárcase nos Encontros Literarios que promociona o Ministerio de Educación. “Axudar a pensar”. Ese é o obxectivo principal do libro segundo as autoras. E cóntannos a razón “porque a amar apréndese, mais cómpre desaprender tamén os mitos románticos ou unha idea de sexualidade condicionada pola pornografía. En definitiva polos modelos esmagadores do patriarcado. Elementos, todos, aos que está exposta a nosa mocidade sen que poidan facer moito por evitalo”. Quen mellor ca elas para definirnos a súa obra, e quen mellor ca elas para falarnos de educación sexual e desmontarnos o mito do amor romántico.



*Amada Traba e Chis Oliveira durante a charla no IES*

### **De que estamos a falar cando falamos de educación sexual?**

Chis: Cando falamos de educación sexual falamos de deseducación. Pois o tema da pornografía e os tabúes, por exemplo, todo o que fomos aprendendo sobre a sexualidade non simétrica, non democrática, unha sexualidade baseada en modelos de desigualdade onde as mulleres están sometidas ao desexo masculino. É unha fatalidade que temos que desaprender. Por exemplo, cando falamos do acto sexual, a xente pensa que iso son relacións sexuais completas, o coito, mais este non é o único acto sexual cando sabemos que en termos xerais é o menos satisfactorio para as mulleres. Hai que comezar a pensar desde nós mesmas e desde unha crítica a un sistema que nos foi metendo unha serie de referencias e ideas que se as cuestionamos podemos empezar a pensar como queremos amar, como queremos gozar do noso corpo e do das outras persoas. E nos parece que a educación sexual non só se debe facer na adolescencia, hai que facela

desde o principio, pois somos seres sexuados desde que nacemos ata que morremos. Desde a nenez temos que aprender a coñecer o noso corpo, a respectalo, a coidalo, a relacionarnos en claves de igualdade e empatía. Todo iso é educación sexual.

Amada: A sexualidade é un elemento esencial da especie humana. Pero estamos sometidos a unha cultura xudeocristiana que fai que isto se vexa como algo malo, que é algo sucio, tabú. Temos desde Platón a construción do corpo como algo negativo por contra do espírito. Se a isto engades o patriarcado, que o engloba todo, está claro que hai moito que desaprender.



*Amada Traba e Chis Oliveira con Noelia Rego e Ainara Villabrilte*

### **Como adolescentes estamos nunha etapa de cambio constante. Que debemos saber ao respecto da educación sexual?**

Amada: O autocoñecemento, saber que quero que non me fagan. Saber cales son as fronteiras e os límites que ti non queres traspasar e que moita xente vai querer que traspases ou viceversa. Recibimos presións moi contraditorias, polo que o primeiro é facer unha reflexión íntima de vital importancia. E despois hai que formarse. O ideal sería unha formación sistémica que involucre a tódolos actores sociais desde o principio ata que nos convertemos en persoas adultas.



*ám@me (editorialgalaxia.gal)*

Chis: A min paréceme que na adolescencia temos que ser conscientes do sentir que si ou sentir que non. Que quero e que non quero. E unha vez que o sei debemos ser asertivas,

expresar de forma clara que se eu quero que me biques, bicámonos e todo ben. Pero se eu quero que só me biques debo deixalo claro, ata aquí. Con cortesía e elegancia pero con asertividade. Ás mulleres nos educaron para agradar e iso implica que facemos cousas para darlle o gusto a outros e isto non pode ser.

Amada: Isto é perigoso porque mina a nosa autoestima, a nosa confianza. É moi diferente deixarse fluír que deixarse levar. O primeiro implica estar aberta tendo en conta o que hai. O segundo implica deixarnos arrastrar.

**Estamos volvendo cara atrás as mulleres ao crearnos menos autosuficientes que hai anos atrás?**

Amada: Si que é certo que na nosa xeración había máis posibilidades, a cousa estaba máis aberta para as mulleres, por exemplo, a nivel laboral.

Chis: Claro, hoxe temos unha precariedade do sistema neoliberal no que vivimos brutal. Nos preguntamos, hai outro sistema? Pois si, hai outro sistema, claro.

**Na sociedade de hoxe en día, como se constrúe a idea de amor? Cambiou a idea de amor respecto ao pasado?**

Chis: Cambiou e moito, porque estamos a vivir uns tempos moi rápidos con relacións moi líquidas.

Amada: Hoxe substituímos o ser polo ter. Ter moitas parellas, ter moitas experiencias. E moitas veces sen coidar esas experiencias e iso non nos constrúe ben como persoas porque se estás con alguén nunha relación de amor ou amizade o importante é vivir esa relación con moita consciencia. O de consumir por consumir está chegando a todo, e acabamos sendo cousificadas tamén as persoas. As mulleres como amigas, como traballadoras, como compañeiras de clase. E sempre hai algo mellor polo que te cambiar, algo máis estimulante, máis gratificante.

Chis: Agora é moi difícil asumir un compromiso nunha relación porque hai moito influxo, moito movemento. Someterse a un compromiso é máis difícil e unha boa relación amorosa ten que estar ancorada nel para que che dea a ti seguridade, ter confianza de que a outra persoa te coida e te atende.

Amada: Iso si, superando todos eses mitos que están tan metidos na cabeza da xente adolescente a través da literatura. Poño por exemplo a novela de Federico Moccia *Tres metros sobre el cielo*. Tamén nas películas ou na televisión que che meten que é posible ese amor puro, esas patrañas como *Mujeres y Hombres y Viceversa*. Un dos efectos máis perniciosos disto é o control. Temos asumido

que o control é unha mostra de amor, e isto pon os pelos de punta.

Chis: E este control é hoxe aínda peor polas novas tecnoloxías, que se converten nun elemento máis de posesión. Porque ás mulleres nos fixeron crer que os celos son por amor. E isto é moi perigoso.

---

## A rebelión das Towanda Rebels

Zúa Méndez e Teresa Lozano, humanista e xornalista, ambas actrices, e xuntas Towanda Rebels. Estas dúas amigas que se coñeceron actuaron decidiron levar esta faceta máis aló hai uns anos a través de Youtube. O feminismo espertou as súas consciencias, e sabedoras de que as redes tiñan un campo aínda por explorar decidíronse a actuar polo 2017. Comezaron a gravar diversos vídeos de denuncia sobre proxenetismo e consumo de prostitución, un alfabeto feminista explicando os principais termos do movemento ou críticas a tertulianos dos medios de comunicación de masas. Algúns dos seus vídeos alcanzaron gran fama a través das redes. A gravación *Hola putero*, por exemplo, ronda o millón de visualizacións só en Youtube. Está claro que o obxectivo era o de espertar mentes e remexer e conseguírono. De feito, como elas mesmas nos confesan, os comentarios machistas dos



seus vídeos serviron de base para realizar o TFG dunha estudante universitaria.



*Noa Palmeiro e Raquel Pérez con Towanda Rebels*

As Towanda Rebels viñéronnos visitar como regalo de Nadal grazas ao Foro Feminista Maruxa Mallo, sempre abertas a colaborar con nós, e aos seus Faladoiros Feministas. Aproveitando a visita varias alumnas acudiron a velas e de paso, Noa Palmeiro e Raquel Pérez aproveitaron para charlar con elas sobre feminismo, redes e sobre o seu libro *Hola Guerrera*. Froito desa conversa e aproveitando a labor de Lucía Álvarez e Miguel Rodríguez tralas cámaras, aproveitamos para gravar a entrevista, que podeses ver nas redes e canle de Youtube do Club de Letras. Sen dúbida temos moito que agradecer o abertas que estiveron en todo momento a charlar con nós e a súa alegría e forza contaxiosas no seu trato. A entrevista é moi recomendable polos seus contidos e polo ameno da conversa.

## Máis cousiñas...



O xornalista radiofónico Paco Nieto deu unha charla sobre o funcionamento dos medios de comunicación de masas e o tratamento da información. Con toda unha vida ás súas costas en Radio Lugo-Cadena Ser, Paco Nieto espertou o interese do alumnado pola materia e durante o curso dirixiu un Taller de Radio con varias alumnas que aprenderon dos seus coñecementos e se contaxiaron da súa paixón polas ondas.



A xornalista experta en comunicación sobre a muller Eliana Martins impartiu unha conferencia no Salón de Actos do Lucus baixo o título: *Xornalismo con lentes moradas*:

*xénero e comunicación*. Durante a charla deu unha visión global sobre como os medios contribúen á obxectualización da muller, a poñer o foco sobre as vítimas nos casos de violencia ou a banalizar actos de machismo. Ao remate da mesma, varias alumnas (Teresa López, Raquel Pérez e Lucía Pérez) puideron charlar con ela como queda reflexado na sección da nosa radio e que se pode escoitar a través da web do Club de Letras.



Marta Rodríguez Engroba dirixe a asociación Sí, Hai Saída que asesora a vítimas de violencia machista. Acompañada pola xuíza Sandra Piñeiro quixeron espertar a nosa conciencia ao respecto. Marta Rodríguez sacudiunos cun emotivo artigo sobre un caso de violencia que ela viviu de xeito presencial para logo falarnos do aspecto psicolóxico da violencia exercida contra as mulleres polo mero feito de selo. Á súa vez, Sandra Piñeiro comentou o aspecto xudicial do tema, aportando datos sobre o amparo legal dunha vítima e as consecuencias penais ás que se expón un maltratador. Como é habitual coas poñentes que nos visitan

Raquel Pérez e Teresa López gravaron as súas voces nunha entrevista que se pode escoitar, por partes, no espazo destinado na web do centro á nosa radio.



As alumnas de Valores Éticos de 3º de ESO Alejandro Zas, Lola Soto, María García, Andrea Santoalla e Carlota entrevistaron a Cristina Palacios, presidenta de Arelas, para a radio do Club de Letras. Arelas é a asociación galega de familias de menores trans, a cal traballa para un recoñecemento e integración na sociedade desta mocidade. Cristina explica cal é a realidade e os procesos que adoita atravesar unha crianza trans.



O Taller de Radio deleitounos con dous programas musicais para escoitar en calquera momento e en calquera lugar. Sen dúbida, animan a calquera.



Na sección da radio do Club de Letras temos un programa ben interesante sobre machismo e violencia gravado polas alumnas de Valores Éticos de 3º da ESO: Marta Santor, Isabel Carballo, Iria Fernández, Paula Piñeiro, Sabela Muras e Cloe Canto. Paga a pena escoitar o que nos teñen que contar.



Unha das actividades que realizamos con Carlos Taibo foi a presentación do seu novo libro *Anarquist@s y libertari@s de aquí y ahora* editado por Catarata. O profesor e pensador libertario explicou as virtudes dun sistema alternativo baseado na autoxestión, no apoio mutuo, na liberdade e na solidariedade entre pobos ao tempo que fixo unha crítica dos vicios

do movemento anarquista na actualidade. Unha charla para invitar á reflexión pausada por parte dun dos ensaístas máis prolíficos sobre o anarquismo en España. Ademais contamos co honor de ser os primeiros en poder vivir a presentación da, ata agora, a súa obra máis recente.



Outra das estimables visitas que recibimos foi a de dúas maletas de Igualdade cargadiñas con libros de diferentes temáticas e estilos pero co fío condutor do feminismo e a igualdade. A través do Club de Letras foron deseñadas diversas actividades en relación coas obras.

O alumnado do Taller de Radio foi entrevistado pola emisora local de Onda Cero onde contaron as súas experiencias baixo a tutela de Paco Nieto e o que supón para o alumnado ter unha radio escolar. Na web podedes escoitar a entrevista e acceder ao programa local *Más de Uno Lugo* e que continua co programa matinal *Más de Uno* que dirixe a galega Julia Otero.



Evento aberto e con gran éxito entre o alumnado do Bacharelato de Adultos foi a charla en colaboración con Stop Desafiuzamentos Lugo. Santiago Fernández Rocha, mestre, fixo un repaso dos datos a nivel mundial sobre pobreza infantil. Isabel Canelo, avogada, falou en termos legais para explicar os diferentes pasos polos que pasa unha orde de desafiuzamento. Mina Galván, portavoz da plataforma, comentou os aspectos máis sociais e psicolóxicos do proceso cunha gran carga emotiva.

---



‘La Imposición de la Belleza’, de Nadia Martín, é un documental sobre a maneira en que esta

imposición incide na saúde física e mental das mulleres, unha ditadura da beleza que permanece presente na psique das mulleres e como elo afecta directamente a súa saúde. Conta con numerosas entrevistas a especialistas no tema, entre elas, inclúense reflexións de autoras expertas na materia. A perspectiva é interseccional a través de testemuñas de teóricas feministas, psicólogas, periodistas e activistas diversas que sofren as consecuencias de este mito cada día que xa nos noventa denunciaba Naomi Wolf.



Mesa redonda coa escritora Socorro Venegas, a xornalista María Valcarcel e o editor Julián Casamayor. O acto levouse a cabo no Salón de Actos por iniciativa de *nomenklaturas Xestión Cultural* en colaboración co Club de Letras. Socorro Venegas aproveitou para falar do seu libro *La memoria donde ardía*.

---



O cambio climático é, probablemente, un dos maiores desafíos ao que se vai ter que enfrentar na súa historia a humanidade. As probas e argumentos científicos mostran que é un feito innegable e cada vez se manifesta en un maior número de desastres. Por iso é necesario que, dende o ámbito educativo, se programen actividades para promover a educación ambiental e a concienciación dos mozos e mozas. Por sorte, hai persoas cun forte compromiso medioambiental, como Juan Carlos Mejuto Fernández, quen aceptou dar esta conferencia no IES Lucus Augusti. Juan Carlos Mejuto, quen cursou o bacharelato no noso centro, é un científico de relevancia. É doutor en Ciencias Químicas e catedrático de Química Física na Universidade de Vigo. Foi decano da Facultade de Ciencias de Ourense e é autor de numerosos artigos de investigación e director de varias teses doctorais. Agradecemoslle a súa participación totalmente desinteresada.



Performance realizada polo alumnado do IES Lucus Augusti e dirixida pola profesora do Departamento de Educación Plástica e Visual Magdalena Seijas Díaz "Arácnida Tea Humana Entrelazando O Noso Infinito-Finito Espazo Visual" (Atheon Ifev) Club de Letras Lucus. Pódese ver íntegra na nosa canle de Youtube.



Pegada colectiva por todo o Instituto de carteis e posits violetas. O obxectivo: encher o centro de mensaxes pola igualdade. A participación foi enorme e dun xeito totalmente colaborativo o que contribuíu a reforzar os centos de mensaxes que aínda agora gardan os muros do Lucus. Queremos igualdade no IES.